



Universidade de Vigo

**O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) participa no acordo transformativo entre a Crue Universidades Españolas - CSIC e a editorial ACS.**

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) constituído polas tres universidades e a Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, e a Universidade de Vigo, co obxectivo de impulsar a cooperación das tres institucións universitarias participa no acordo transformativo entre Crue Universidades Españolas e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) coa editorial American Chemical Society (ACS).

Os acordos transformativos con editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ó progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia (*Open Science*). Este acordo súmase aos xa existentes actualmente con outros selos editoriais.

Para as universidades, o acordo permítelles dispoñer de acceso de lectura a tódalas revistas científicas no catálogo da editorial estadounidense do ámbito da química (ACS), ao tempo que impulsa o aumento das publicacións dos seus investigadores en acceso aberto eliminando o custo de APC (*Article Processing Charges*). Estímase que este acordo permitirá ás institucións participantes superar as dúas terceiras partes dos artigos publicados nas revistas científicas do editor. O acordo estende a súa vixencia aos artigos aceptados para a publicación desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2024.